



Verán en Vedra

XUÑO

L	M	MC	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

HORARIO DE VERÁN NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

■ Do 15 de xuño ao 15 de setembro: o horario de atención ao público de 9:00 a 13:00 horas.

FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2026

■ Solicita o teu permiso para realizar unha fogueira e/ou sardiñada no San Xoán.


- DATAS DE REALIZACIÓN: Do 19 ao 28 de xuño.
- DATAS DE SOLICITUDES ABERTO DENDE O 1 DE XUÑO.
- PROCESO DE SOLICITUDE NA

WEB MUNICIPAL: www.concellodevedra.gal

Consultas ou dúbidas no teléfono 981 814 612.

OLLO!!

SEMPRE QUE AS CONDICIÓNS CLIMÁTICAS O PERMITAN



LIMPEZA DE PARCELAS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS

■ Lembra que...

• O 31 de maio rematou o prazo a xestión de biomasa nas parcelas afectadas pola lei de incendios.



• En 50 metros perimetrais ao solo de urbano, de núcleo rural e vivendas illadas non poderá haber piñeiro, eucalipto, mimosa ou acacia, ademais neses mesmos 50 metros a biomasa deberá estar completamente xestionada.

• Durante a época de alto risco de incendio (do 1 de xullo ao 30 de setembro) está prohibido facer grelladas e fogueiras para recreo ou ocio (coa excepción de festas tradicionais autorizadas previamente polo Concello)

SABÍAS QUE...

■ VEDRA FIXO HISTORIA?

O Concello de Vedra despediu no mes de maio á muller máis lonxeva da súa historia **Piedad Viana Fernández** que cos seus 110 anos de vida será recordada sempre como a persoa con maior idade de todas cantas se teñen constancia nos preto de douscentos anos de historia municipal.

Pero non só iso, senón que a veciña de Santa Cruz de Ribadulla era dende o 2025, a muller máis vella de toda Galicia!

Un feito histórico que non queremos nin podemos deixar pasar.
D.E.P.





ASÍ FOI MUNICIPAL



33ª Romaría da Terceira Idade de Vedra, con máis de 300 persoas asistentes.



Presentación do Goza do Ulla 2026. Unha iniciativa con 20 concellos participantes para a posta en valor do río Ulla.



Presentación do Campus Donato, en colaboración coa Vedra-Boqueixón E.D.



Visita a Vedra da deputada de Plans Provinciais e Asistencia a Concellos, Cristina García Rey.



Sinatura de Vedra adheríndose ao Proxecto Rede de Concellos contra o Acoso Escolar.



Visita da Directora Xeral de Xuventude ao Voluntariado Interxeracional no Centro Sociocultural de Vedra.



Obradoiro "O Sabor da Camelia" co Voluntariado Interxeracional no Centro Sociocultural de Vedra.



Exposición de fotografía de José de Lucía, artesán, músico e fotógrafo, co Voluntariado Interxeracional.



Presenza de Vedra no encontro polos vinte anos de acción climática local da Rede Española de Cidades polo Clima.



“Open Day”, Xornada de baloncesto con Alberto Corbacho en Vedra.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS

O FESTIVAL MARCO



Todo o que pasou os días 8, 9 e 10 de maio nas súas redes sociais #festival-marco.



Festa do Porco á Brasa en Trobe.



IV Torneo fútbol 11 sub 12 Vedra – Boqueixón E.D. 2026.



36ª Festa da Orella en San Fins.



XV BTT Cicloturista da Camelia co Club Ribadoulla.



Excursión da Asociación O Burgo.




Xantar Homenaxe á Familia Mosqueiro a iniciativa veciñal.



Excursión a Raigame da Asociación Cultural San Campio.

De Interese



CONTINUÁN AS XUNTANZAS CO ALCALDE POLAS 12 PARROQUIAS

Regresa este espazo no que o noso alcalde propón xuntarse coa veciñanza en cada unha das doce parroquias de Vedra para tratar temas de interese xeral e

para dar respostas a todas as cuestións prantexadas.

OLLO AOS CAMBIOS NA AXENDA!!

DATA	LUGAR	HORARIO
Martes, 2 de xuño	Local San Pedro de Sarandón	Ás 20:30 horas
Xoves, 4 de xuño	Local Social de Merín	Ás 20:30 horas
Xoves, 11 de xuño	Casa da Cultura de San Miguel	Ás 20:30 horas
Martes, 16 de xuño	Casa da Cultura de Santa Cruz	Ás 20:30 horas
Xoves, 25 de xuño	Local Social de San Fins	Ás 20:30 horas
Martes, 2 de xullo	Local Social de Vilanova	Ás 20:30 horas
Mércores, 8 de xullo	Multiusos de Trobe	Ás 20:30 horas
Luns, 13 de xullo	Centro Sociocultural de Vedra	Ás 20:30 horas
Martes, 21 de xullo	Local Social de San Xián	Ás 20:30 horas

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

Chama ao 981 814 612 e pide que pasen a recoller os teus refugallos voluminosos. Trátase dun servizo gratuíto que

se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número das mesmas, polo que non sempre é inmediato.

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA

■ Data para este servizo gratuíto polo que aposta o Concello de Vedra:

- **NO MES DE XUÑO: O MARTES 16.**

Obrigatorio asistir con cita previa. Reservas no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 14:00 h.).

IMPORTANTE: Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso punto limpo situado o lugar de Fornelos, Vedra.

HORARIO DE ATENCIÓN:

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.

Cultura

LETRAS GALEGAS 2026

■ Proxección do documental Basal de Óscar Górriz e A Pedreira.

- Xoves 4 de xuño ás 20:00 h.

Basal é un documental que retrata a vida da cantautora Ugia Pedreira, coñecida como A Pedreira, xunto á súa filla Lúa Awel, que ten parálise cerebral e unha relación "curiosa e espléndida" coa música.



A XANELA DA LINGUA...

■ Coa resaca da conmemoración do Día das Letras Galegas... dende esta sección queremos repasar o uso do noso idioma coas porcentaxes das persoas que falan galego de forma maioritaria.



Deporte

O GRUPO DE SENDEIRISMO DESPIDE A SÚA TEMPADA

■ Trátase dunha proposta pechada para o seu grupo habitual con visitas ás illas de ONS e SÁLVORA. Será o sábado 20 de xuño cos seguintes horarios e puntos das paradas do bus:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 h.
- Parada en Lestedo ás 07:40 h.
- Parada no Breixo ás 07:45 h.
- Parada no Hipercor ás 07:55 h.
- Última parada na Escola de Música de Santiago ás 08:00 h.





EN XUÑO... EN LONDRES CON ALBERTO SEIXO

■ **Protagonista:** Alberto Seijo González, de San Pedro de Vilanova.

Destino: Londres.

Partida: Ano 2014.

Obxectivo ou motivo da partida: Os inicios desta historia distan moito de ser idílicos. O protagonista deste mes cóntanos que mantén moi bo recordo e moita gratitude das súas relacións co mundo laboral na nosa terra, sendo él da idea de que toda experiencia serve sobre todo de cara ao público, algo que pensa que debería vivir toda a mocidade que estuda máis pronto que tarde. Os seus 8 veráns seguidos recollendo xudías en "Frutas Compostela" onde se sentiu un máis da familia sempre, permitíronlle axudar cos seus estudos universitarios onde cursou Económicas. Coa carreira finalizada pero sen saída laboral chegaron os seus 6 anos en hostalería en "Parrillada A Granxa" onde coñeceu en profundidade o sacrificio do traballo de cara ao público, pero tamén a Ana a que sería a súa compañeira de vida dende aquela e con quen se decidiu a marchar fóra, na procura dun porvir mellor e de superar esa sensación de frustración e de enfado co mundo que o invadía todo.

Cun nivel en inglés que na teoría pintaba ben, pero que na realidade non tanto, chegaron ao seu primeiro destino alá por setembro de 2014 a Pullborough. Un frío pobo do Reino Unido no que a parella coñeceu o traballo duro nunhas condicións pésimas coas que neses 9 meses conseguiu demostrar e demostrarse que él podía coas circunstancias adversas, nunha empresa de lava-coches / Café con "madrugóns", temperaturas xelidas,... compartindo unha experiencia increíble con rapaces de moitos países distintos, algúns refuxiados e todos cun pasado ben complicado.

Alberto co London Eye no fondo.



Xa en Xullo do 2015 decidiuse a buscar outro traballo que lle permitise mellorar o seu nivel de inglés e tamén a sumar posibilidades na busca dun traballo relacionado co seu ámbito. Así chegou a "Caffé Nero", no aeroporto de Gatwick, mudándose ao mesmo tempo a unha pequena cidade próxima chamada Crawley. Aquí pasou por todos os niveis posibles, atención do bar, responsable do persoal de bar, graduado como "mánager"... Todo isto sen deixar nunca de estudar contabilidade, o que fixo case nulo o seu tempo libre.

Así alá por abril do 2018 presentouse con éxito como aspirante a un posto de finanzas nesta gran empresa multinacional, que lle deu a oportunidade sabendo dos estudos que tiña ademais de traballar nunha das súas cafeterías. De novo tocaba empezar por abaixo, esta vez con mudanza a South Croydon no sur de Londres e onde reside actualmente. E chegou a pandemia, que pechou Reino Unido xusto o día que Alberto debería ter feito o pago das Renditas de todas as tendas da empresa polo país. E dun cadro de persoal dunhas 500 persoas a nivel de oficina onde o seu

departamento tiña unhas 30, quedaron traballando 4 persoas, entre as que se sumaba o noso protagonista precisamente por encargarse do tema dos pagos e ter que responder por unha débeda que cas tendas fechadas medraba cada día.

Para el foi unha etapa terrorífica, de traballo e implicación 24/7... Chegando ao límite das súas posibilidades físicas e mentais, cunha presión insoportable, da que aínda hoxe ten recordo. Pillándoo ademais coa familia fóra por momentos, xa que o nacemento da súa filla maior e a morte de súa sogra acontecera en Galicia pouco antes da pandemia... E de todo este período de sacrificios e esforzo, a día de hoxe pode dicir con certa fahenda que traballa do seu, cun equipo de catro persoas ao seu cargo, cun posto que lle permite estruturar o seu calendario e os seus tempos, sen deixar de aprender cada día no ámbito contable e de auditoría e o máis importante, xa sen nada que demostrarse a si mesmo.

Reflexión: Sempre penso no afortunado que son de ter á miña xente que tanto fixeron para que eu poi-

Continúa na páxina 7

da estar onde estou hoxe.... Meu pai co seu esforzo para que puidese estudar, miña nai que dende o ceo me acompaña en cada paso que dou,.. miñas irmáns que me deron sempre o seu apoio incondicional e que renunciaron a tanto por e para axudarme en cada reto superado.

Tamén penso moitas veces nese dito que escoitei tantas veces na facultade... Iso de que a nosa carreira tiña tres saídas: Terra, mar e aire. Ou aquilo de "Estuda rapaz que chegarás lonxe"... Pois sí a 2000 km da casa exactamente!

E nunca podoo esquecer o fácil que sería terme deixado ir pola rutina e seguir no mundo da hostalería, sen demasiadas opcións de prosperar nin tempo libre. Non deixo de reflexionar no moito que teño que agradecer á miña compañeira de vida coa que formei unha familia e

un gran equipo, con dúas pequenas ás que non lles deixamos nin por un intre que esquezan de onde vimos e de onde somos e o que implica ser da nosa terriña. Algo que penso que non desaparecerá nunca.

Anécdota: Pois centos... Pero que me veñan agora á cabeza dúas:

- A reacción de meu pai cando lle dixen que me ía ao estranxeiro... E que despois de 6 anos traballando eu en hostalería díxome "Pois vaite fillo, seguro que che é máis fácil así non perderte o Santiaguíño" e canta razón tiña! Procuo viaxar sempre e estar alí neses días e cando estaba aí, tocábame traballar.
- Ou a increíble casualidade de atoparme traballando facendo café nun quiosco no aeroporto cunha rapaza de Lestedo que estudara comigo e que xa levaba polo Reino

Unido máis de 10 anos, que aproveitou a ocasión para presentarme á súa parella... E oh sorpresa! él estivera traballando na "Parrillada A Granxa" para aforrar un peso e irse ao estranxeiro e o seu posto cubrino eu. O mundo é un pano, gústenos ou non". Ou que nesa mesma semana e nese mesmo quiosco puiden coñecer e pasar un anaco ben agradable con Miguel de Lira.

INFORMACIÓN SOBRE A SECCIÓN...

Cada mes contamos a historia de alguén de Vedra que vive, estuda, traballa, fóra do noso territorio. Cóntanos a túa experiencia ou a de alguén que coñezas... para así coñecer e difundir máis experiencias de vedreses e vedresas polo mundo. Escríbenos a cultura@concellodevedra.gal ou envía un whatsapp ao 663 893 398.

Emprendemento

CENTRO DE EMPRENDEMENTO A ESTACIÓN

Programación xuño!

■ CICLO EMPRESAS CON HISTORIA. BELLATORE: VOLTAR Á FORXA PARA REINVENTAR O OFICIO

- **Data:** martes 23 de xuño ás 10:30 h.
- **Lugar:** Forxa de Bellatore, Santa Cruz de Ribadulla (Vedra).

Borja Nieves recuperou un oficio case esquecido: a fabricación artesanal de espadas. Na súa forxa en Santa Cruz de Ribadulla, cada peza é unha conversa entre o aceir, o lume e a mans dunha persoa que decidiu facer que a historia fose palpable.

Nesta sesión de Empresas con Historia, Borja abrirá as portas da forxa para explicar o proceso completo: a forxa das diferentes pezas, as recreacións de espadas históricas até a posta a punto de detalles que transforman o aceiro bruto nunha obra que funciona. A visita

é máis que observación: é inmersión no ritmo e nas decisións dun artesano que combina investigación histórica, coñecemento técnico e sensibilidade.

Despois, comentaremos a experiencia tomando algo xuntos, no tono familiar e amigable que define estas encontros.

As prazas son limitadas. Inscríbete en aestacion@concellodevedra.gal indicando nome e teléfono.

EMPRESAS CON HISTORIA

BELLATORE

Día: 23 de xuño ás 10:30 horas
Lugar: Forxa de Bellatore, na antiga nave de A Estación de Santa Cruz de Ribadulla

O maestro artesán explicaranos como é o proceso de forxa das súas pezas e recreacións de espadas históricas.

As prazas son limitadas. Pregamos que vos inscribades no correo aestacion@concellodevedra.gal

Logos: AESTACION, Concello de Vedra



OS COWORKERS DA ESTACIÓN

■ Damos a benvinda a Breogán, un novo coworkers para o espazo da Estación.

Quén é Breogán?

Eu son Breogán, pero prefiro Breo. Tras terminar Historia da Arte en Santiago, coñecín o mundo dos eventos e o audiovisual.



Sen rematar un Técnico Superior de Producción, xa estaba creando curtas e documentais nominados en festivais como “Cannes” e “OUFF”. Despois pasei pola produción de series en TVG e polas infraestruturas de grandes festivais de Galicia, até que finalmente me asentín en produción de marketing para “Estrella Galicia” en festivais de música.

Cal é a túa actividade, o que fas e a que te adicas?

Despois duns anos de traballo por conta allea, agora poño en marcha o meu propio proxecto. Organizo, creo e xestiono eventos e proxectos culturais. Faigo traballos directamente con artistas en concertos por Galicia e España: escaletado, control de contidos,

rexiduría, xestión de equipos. O meu traballo resúmese nas ganas de levar adiante proxectos que aporten culturalmente á nosa terra e sociedade.

Que te trouxo ao Centro de Emprendemento A Estación de Vedra?

A tranquilidade e a volta á raíz. Tras anos en ciclos moi rápidos de produción, buscaba un espazo onde desfrutar do proceso sen estar constantemente ao límite. Criado en Celeiro, a Mariña Lucense, valoro agora ese acceso á cultura que faltaba no rural. Quero que Vedra sexa referencia cultural — que as persoas aquí teñan acceso á mesma cultura que as grandes cidades. O rural nutriu sempre Galicia; é hora de poñelo en valor coa axuda de todos.

Protección Animal



CAMPAÑA DE MICROCHIP DE MASCOTAS

■ Un ano máis imos realizar unha xornada de colocación de microchips en cans e gatos na casa do concello de Vedra. Será probablemente no mes de setembro pero fixaremos a data cando teñamos un número de persoas suficiente para a campaña.

Se tedes interese en beneficiaros desta iniciativa debedes mandar un correo a: vanessa.crespo@concellovedra.gal ou chamar ao teléfono: 881 074 404 para que poidamos anotarvos e darvos máis información. O prezo será de 27 euros por chip.

Recordamos que é obrigatorio por lei identificar tanto a cans como a gatos e que non facelo pode supor sancións de entre 10.000 e 50.000 €.

Aquelas persoas que non poidan acudir ese día teñen a opción aberta todo o ano de poder levalos á clínica colaboradora pero antes deberán contactar co Concello a través dos medios arriba indicados.

CAMPAÑA DE MICROCHIPADO DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA 2026

XORNADA DE MICROCHIPADO DE CANS E GATOS
LUGAR: CASA DO CONCELLO DE VEDRA
DATA: PENDENTE (NO MES DE SETEMBRO)
PREZO: 27 EUROS

SE TES INTERESE EN ASISTIR CONTACTA NO MAIL
VANESSA.CRESPO@CONCELLODEVEDRA.GAL
OU NO TELÉFONO 881 074 404

LEMBRA:
O MICROCHIPADO DE CANS E GATOS É OBRIGATORIO POR LEI

ORGANIZA:  Concello de Vedra
COLABORA:  Rebordón



ACHÉGASE O VERÁN...

■ Repasamos todas as ofertas de ocio, tempo libre e para conciliar que Vedra propón neste verán:

Propostas municipais para o ocio, o tempo libre e a conciliación:

■ LUDOVERÁN

Durante todas as vacacións escolares a Ludoteca Municipal muda o seu horario para as mañás e así ofrecer unha opción de conciliación.

O prazo oficial de inscrición xa está pechado!

■ PISCINA MUNICIPAL

Calendario: do 1 de Xullo ao 31 de agosto de 2026.

Horario: de luns a venres de 15:00 h. a 21:00 h. e os sábados, domingos e festivos de 16:00 h. a 21:00 h.



■ CURSOS DE NATACIÓN INTENSIVOS DE VERÁN

Do 6 ao 30 de xullo nos seguintes horarios:

- **Actividades de iniciación acuática** (*Nacidos/as no ano 2023 e posteriores. Acompañados/as do pai/nai/titor/a*). De luns a xoves de 15:30 a 16:15 h.
- **Natación iniciación I** (*Nacidos/as en 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022*). De luns a xoves de 16:15 a 17:00 h.
- **Natación perfeccionamento I** (*Nacidos/as en 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022*). De luns a xoves de 16:15 a 17:00 h.

- **Natación iniciación II** (*Nacidos/as en 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017*). De luns a xoves de 17:00 a 17:45 h.

- **Natación perfeccionamento II** (*Nacidos/as en 2013, 2014, 2015, 2016 e 2017*). De luns a xoves de 17:00 a 17:45 h.

- **Natación iniciación persoas adultas** (*A partir de 14 anos*). De luns a xoves de 17:45 a 18:30 h.

- **Natación perfeccionamento persoas adultas** (*A partir de 14 anos*). De luns a xoves de 17:45 a 18:30 h.

PREZOS:

- Cursos para persoas menores de 14 anos: 7 € + ABO-NO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.

- Cursos para persoas maiores de 14 anos: 13 € + ABO-NO INDIVIDUAL OU FAMILIAR.

Inscricións abertas dende o 10 de xuño na web municipal. Máis información no teléfono 981 814 691.

■ CAMPAMENTOS MUNICIPAIS DE VERÁN

Diferentes posibilidades para a mocidade dos 8 aos 18 anos para gozar de experiencias de tempo libre neste verán 2026.

O prazo oficial de inscrición xa está pechado!

■ GOZA DO ULLA

O programa Goza do Ulla é unha iniciativa de dinamización turística, cultural e económica arredor do río Ulla, que promove os recursos naturais, patrimoniais e gastronómicos dos concellos da súa contorna. Busca conectar territorio, identidade local e desenvolvemento sostible mediante actividades, rutas, eventos e colaboración entre entidades.

O Programa Goza do Ulla 2026, acolle un total de 19 rutas que percorreren os 20 concellos bañados polo Ulla, unha delas é compartida entre 2 concellos. As rutas comezaron o 30 de maio en Boqueixón, e rematarán o 24 de outubro en Santiso. A de Vedra desenvolverase o 2 de agosto e percorreren a Vía da Prata e un tramo da ruta de San Xoán da Cova.



O próximo 6 de xuño o Goza do Ulla levaranos ao concello de Dodro, a alí permitíramos descubrir a ruta denominada “As Brañas de Laiño”

- **Distancia:** 12 KM.
- **Duración:** 2 horas e 45 minutos.
- **Dificultade:** Media – Baixa.

GOZA DO ULLA 2026

SÁBADO, 30 DE MAIO
BOQUEIXÓN · ROTEIRO DOS PESCADORES

SÁBADO, 06 DE XUÑO
DODRO · AS BRAÑAS DE LAIÑO

DOMINGO, 12 DE XUÑO
ANTAS DE ULLA · ULLOANDO POLO NACEMENTO

SÁBADO, 01 DE AGOSTO
AGOLADA · CANLE DE RAMIL

DOMINGO, 02 DE AGOSTO
VEDRA · VÍA DA PRATA - SAN XOÁN DA COVA

SÁBADO, 29 DE AGOSTO
A ESTRADA · OS SONS DO ULLA

DOMINGO, 30 DE AGOSTO
PONTEGESURES
PONTEGESURES Á BEIRA DO ULLA

SÁBADO, 05 DE SETEMBRO
MONTERROSO · O MUÑO DO ALEMÁN

DOMINGO, 06 DE SETEMBRO
TEO · RUTA DA RIBEIRA DO ULLA TEENSE

SÁBADO, 12 DE SETEMBRO
VILA DE CRUCES · TOURO · AS DÓAS BEIRAS DO ULLA

DOMINGO, 13 DE SETEMBRO
VILAGARCÍA DE AROUSA · XIABRE, O ULLA E A RIA

SÁBADO, 19 DE SETEMBRO
PALAS DE REI · TORRENTES DE MÁCARA

DOMINGO, 20 DE SETEMBRO
ARZÚA · RUTA FERVENZA DAS HORTAS

SÁBADO, 26 DE SETEMBRO
VALGA · O ULLA, ENTRE PATRIMONIO E TRADICIÓN

DOMINGO, 27 DE SETEMBRO
RIANXO · As Tres Cruces

SÁBADO, 03 DE OUTUBRO
SILLEDA · A XUNTA DOS RÍOS DEZA - ULLA

DOMINGO, 04 DE OUTUBRO
CATOIRA · RUTA DE SAN CIBRÁN

SÁBADO, 10 DE OUTUBRO
PADRÓN · POLAS BEIRAS DO ULLA

SÁBADO, 24 DE OUTUBRO
SANTISO · RUTA DE BEIGONDO

PERCORRIDO POLAS RUTAS DE SENDEIRISMO DOS CONCELLOS DO ULLA
Programa promovido polos concellos de Agolada, A Estrada, Antas de Ulla, Arzúa, Boqueixón, Cabreira, Dodro, Monterroso, Padrón, Palas de Rei, Pontequesures, Rianxo, Santiso, Silleda, Teo, Toralla, Valga, Vedra, Vila de Cruces e Vilagarcía de Arousa.

INFORMACIÓN:
Oficinas de Información Turística dos concellos participantes e no email recepcion@amabul.org

- **Encontro/saída:** A Lavandeira – Imo (42.712786,-8.723997) 10:00 h.

Descrición: Ruta circular con saída desde o conxunto de hórreos da Lavandeira dirección ás Brañas de Laiño chegando a pé do Ulla. Para logo subir aos Petróglifos de Bouza Badín. Continúa ata o Miradoiro de Bexo para desfrutar das vistas privilexiadas do río, á Cruz do Avelán e ao Hórreo da Miguensa de Castro para logo retornar ao inicio. Ese mesmo día, romaría da Cruz do Avelán.

Contacto e inscricións: Departamento de Deportes 981 802 532 / 689 897 223 / deportes@dodro.gal

DESCENSO DO ULLA

Sábado 27 de xuño.

Percorrido: Dende o Campo de Ponteledesma (Boqueixón) ata a Área de Recreo de Agronovo (Vedra).

Prezo: 30 € por persoa (inclúe caiac de 2 persoas, chaleco salvavidas e seguro).

Observacións: poderán participar as persoas maiores de 13 anos con autorización.

Prazas limitadas.

Inscricións en www.concellodevedra.gal dende o 8 de xuño ata completar prazas.

Propostas asociativas:

ACAMPARTE 2026

A Anpa do CEIP Ortigueira volve con esta oferta lúdica que mestura arte e festa na fermosa contorna do seu colexio.

ACAMPARTE FEST
CEIP ORTIGUEIRA

do 01 ao 31
XULLO 2026

HORARIO
de 10 a 14 horas
servizo madrugga baixo demanda

PREZOS

PERSONAS SOCIAIS	PERSONAS NON SOCIAIS
110€ - MES	190€ - MES
85€ - QUINCENA	120€ - QUINCENA
65€ - SEMANA	85€ - SEMANA

*20% desconto segundo limiar/límito

INSCRICIÓN
624 31 35 93
ceip.ortigueira.anpa@gmail.com

ANPA ORTIGUEIRA, Anacos, Concello de Vedra, Deputación de Coruña, IGUALDADE DE SEXO

ESCOLA AMBIENTAL AMABUL 2026

Un ano máis a Casa das Artes recibirá este xullo este modelo de campamento de verán con aventura, natureza e verán.

ESCOLA AMBIENTAL AMABUL
Xullo 2026 - Casa das Artes (Vedra)

CAMPAMENTO BENJAMÍN
(Nenas/os nadas/os entre 2020 e 2022)

CAMPAMENTO INFANTIL
(Nenas/os nadas/os entre 2014 e 2019)

CAMPAMENTO XUVENIL
(Mozas/os nadas/os antes de 2014)

Aventura, natureza e verán
Excursión semanal a un espazo natural da comarca.
Excursión quincenal de día completo á praia.
Pernoctación quincenal para o grupo xovenil.
Gran pernoctación final para todos os grupos.
Actividades de piscina e de cañica no Ulla.
Actividades de convivencia e exploración no medio natural.
Xogos, retos, obradoiros e simpónas na natureza.

Posibilidade de servizo de transporte e conciliación para familias.
PRAZAS LIMITADAS - MÁIS INFO E INSCRICIÓN: www.amabul.org

AMABUL, Concello de Vedra

Propostas deportivas:

CAMPUS DE BALONCESTO C33 DE ALBERTO CORBACHO EN VEDRA

CAMPUS ALBERTO CORBACHO
AC33 HICKORY
I EDICIÓN
VEDRA
22-27 JUN
BALONCESTO, FORMACIÓN Y EXPERIENCIA
www.ac33camp.com

CAMPUS DE ADESTRAMENTO DO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA. DO 1 AO 10 DE XULLO

Vai dirixido a nenas e nenos nados entre os anos 2013 e 2019, e conta cun número limitado de 30 prazas.

Desenvolverase en horario de 10:00 a 14:00 h.

O prazo de inscrición é do 1 ao 18 de xuño, ou ata esgotar as inscricións.

Información no mail olimpicodevedra@hotmail.com ou no teléfono 621 01 73 84

CAMPUS DONATO DE FÚTBOL coa "Vedra - Boqueixón E.D."

CAMPUS DONATO IX
SEDE VEDRA - BOQUEIXÓN
29 DE XUÑO AL 3 DE XULLO
IDADES: 6 A 15 ANOS
115€ SEMANA
100€ SOCIOS
FEIRACO
TEL: 636 362 836
DE LUNES A VIERNES • 9:00H A 14:00
INSCRIBETE EN
www.campamemetoscoruna.es

CAMPUS DE ADESTRAMENTO

Club Olímpico de Vedra



DO 1 AO 10 DE XULLO



DE LUNS A VENRES DE 10:00 A 14:00



NADOS ENTRE 2013 E 2019



PAZAS LIMITADAS: 30 PAZAS EN TOTAL
PRIORIDADE NENAS E NENOS CON LICENZA DO CLUB

NADA, CORRE, SALTA, LANZA, PEDALEA, XOGA!!!!

PRAZO DE INSCRICIÓN



DO 1 AO 18 DE XUÑO DE 2026

OU ATA ESGOTAR INSCRICIÓN

INFORMACIÓN



MAIL olimpicodevedra@hotmail.com



TELF 621017384

Servizos Sociais

INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• Atención ao público: Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• Cita previa: Chamando ao teléfono 981 814 693.

NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.



Deputación DA CORUÑA



XUNTA DE GALICIA



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE DERECHOS SOCIALES Y AGENDA 2030



ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

■ Excursión á Peroxa e aos Peares Mércores 10 de xuño.

Prezo: 35 € (Inclúe transporte, visitas e comida).

Prazas limitadas (O prazo de inscrición ábrese o 25 de maio ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición).

■ Baile-Sardiñada de San Xoán Venres 12 de xuño ás 20:00 h.

Haberá música, festa e sardiñada!! Para asistir á sardiñada é preciso retirar un tícket que ten un custo de 10 €/participante (Menú: sardiñas, churrasco e sobremesa).

Para a retirada de tíckets dirixirse ao Centro Social entre o 1 e o 10 de xuño.

■ Bingo especial de verán Xoves 18 de xuño ás 20:00 h.

■ Clausura - fin de curso actividades

Xoves 25 de xuño ás 19:30 h.

(As persoas interesadas en participar na clausura de fin de curso, deberán anotarse na cafetería do Centro Social ata o 23 de xuño).

LUDOTECA CURSO 2026/2027

■ Abre o prazo de inscrición para os servizos de madrugadores e ludoteca para o vindeiro curso que comezará en setembro.

Prazo de presentación de solicitudes: do 15 de xuño ao 15 de xullo, ambos incluídos. As prazas son limitadas.

Lugares de presentación de solicitudes:

- A través da Sede Electrónica aloxada na web municipal www.concellodevedra.gal
- Presencialmente: **CON PREVIA CITA** (981 864 693 ou 981 864 612) no Rexistro do Concello ou nos demais lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

O modelo de solicitude está dispoñible na web municipal.

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.gal



CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBIQ

■ Vedra un ano máis sumarase a esta visibilización, renovando o compromiso coa igualdade de trato e de oportunidades, en favor da normalización social de quen teñen unha orientación sexual dispar á da maioría e/ou se identifican e expresan con outro xénero diferente ao que socialmente se lles adxudica.

Con este motivo o Concello de Vedra publicará o seu manifesto en apoio á diversidade sexual en todas as súas vías de difusión (redes sociais, web, servizo de novas) así como colocará a bandeira do arco da vella, símbolo universal en prol da liberdade e igualdade sexual.



FESTAS EN XUÑO:

■ FESTA DAS FLORES EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA

- Domingo 7 de xuño.

Con misa solemne ás 12:15 horas coa Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla. Seguidamente actuación de grupos de baile tradicional coa rapazada da parroquia e sesión vermú co "Dúo Pachi Show".

Ás 18:30 horas será o Rosario e o recital de poesías e baile tradicional. A sesión de tarde estará tamén amenizada polo mesmo dúo e contará con hinchables para a cativada.

■ FESTA DA SANTA ISABEL EN SAN FINS

- Domingo 7 de xuño.

■ FESTA DO CORPUS EN VEDRA

- Domingo 14 de xuño.

■ FESTAS DO VERÁN EN SAN XIÁN DE SALES

- Os días 26, 27 e 28 de xuño.

■ FESTAS DO SAN PEDRO EN SAN PEDRO DE VILANOVA

- O sábado 27 de xuño con misa solemne e sesión vermú coa Charanga "Santa Compoña". Á noitiña animación infantil e dúo musical.

- O domingo 28 de xuño misa solemne e sesión vermú coa Banda Municipal de Noia.

■ FESTAS DO SAN PEDRO EN SAN PEDRO DE SARANDÓN

- O domingo 28 de xuño. Misa solemne ás 13:00 horas e procesión coa Agrupación Folclórica Colectiata do Sar. Vermú e verbena con "Ritmo Xoven"

- O sábado 4 de xullo. Misa solemne ás 13:00 horas e sesión vermú con "La Travesía".

Verbena con: La Travesía, JLO El Romántico, Xian Pais, Big meu e Macro Disco EME Music.

- O domingo 5 de xullo. Misa solemne ás 13:00 horas con procesión e vermú a cargo da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.

AXENDA DE SARDIÑADAS E CACHARELAS POLO SAN XOÁN

■ EN SAN PEDRO DE VILANOVA

Sábado 20 de xuño con sardiñada e churrascada no campo da festa de Picón!

■ EN VEDRA

Martes 23 de xuño con actuación teatralizada, música tradicional con "Cabra Vella" churrasco e sardiñas!

Medio Ambiente

LOITA CONTRA A VELUTINA

INFORMACIÓN SOBRE

CONTROL DA VESPA VELUTINA

"AVESPA ASIÁTICA"



TRAMPEO

A captura de raíñas debe efectuarse de febreiro a maio incluído, durante a fase de construción e actividade do niño primario. O mellor lugar onde colocar as trampas é nos camelios, os cales teñen flor entre febreiro e maio e atraen moito as raíñas de velutina.



QUE FACER SE DESCUBRO UN NIÑO DE VELUTINA

Se descubro un niño de velutina debo de seguir os seguintes pasos:

1. Anotar a súa localización coa maior exactitude posible.
2. Avisar chamando ao 012.
3. Manterse afastado e non intentar quitar o niño sen equipos especializados de protección.



Se atopas un niño de velutina chama ao 012

ELABORACIÓN DE ATRAINTES

TIPO 1



1/2 litro de auga tépida + 200 gr. de azucre + 5 gr. de fermento de panadería

Disolver os ingredientes e esperar entre 4 e 5 días a que se produza a fermentación (nun recipiente aberto). Utilizar na trampa selectiva e cambiar a mestura cada 8 ou 10 días.

TIPO 2



180 ml (1/2 lata) de cervexa negra + 180 ml de zume de arandanos + 80 ml vermú de viño branco (a elixir)

1 pinga de deterxente + 1 cullerada de vinagre

Mesturar todos os ingredientes e utilizar na trampa selectiva, renovando a mestura cada 8 ou 10 días.



ASOCIACIÓN AMABUL

CURSO VOLUNTARIADO AMBIENTAL

Curso

Monitorado de voluntariado ambiental



Un percorrido completo para aprender a analizar problemas ambientais, deseñar proxectos de voluntariado ambiental, planificar actividades seguras e accesibles, e avaliar o impacto das intervencións no territorio.

MODALIDADE: mixta (sesións presenciais + traballo guiado online)

DATAS PRESENCIAIS: 6, 13 e 20 de xuño de 2026.

TRABALLO ONLINE GUIADO: entre sesións presenciais.

LUGAR: Aula Ambiental Amabul (Vedra).

OBXECTIVO: Capacitar ás persoas participantes para deseñar, coordinar e defender un proxecto de voluntariado ambiental con impacto real.

CONTIDOS:

- Ler o territorio: identificar problemas reais
- Pasar da idea ao proxecto: obxectivos que funcionan
- Escoller a metodoloxía que mellor encaixa
- Crear actividades que transforman e motivan
- Organizar equipos, materiais e tempos
- Avaliar o impacto e mellorar o proxecto

INSCRICIÓNS: www.amabul.org - Prazas limitadas



XORNADAS ENTOMOLAR

Xornadas Entomolóxicas

Entomolar

Sábado 27 de xuño 2026

Aula ambiental AMABUL (Vedra)

Obradoiro de iniciación á entomoloxía
(de 10:00 a 11:30)

Obradoiro de introdución aos artrópodos
(de 12:00 a 14:00)

Obradoiro de curiosidades e importancia biolóxica dos artrópodos
(de 16:00 a 20:00)

Interveñen:
Borja Gómez
Daniel Longarela

Inscripcións:
www.amabul.org - prazas limitadas




ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

Celebra o seu final de curso o sábado 13 de xuño.



SÁBADO 13 DE XUÑO

ÁS 17:30H

CENTRO SOCIAL DE VEDRA

TEATRO INFANTIL E XUVENIL
(FIN DE CURSO 25/26)

XS PAPAVENTIÑXS: "AS BONECAS DIABÓLICAS... A HISTORIA CONTINÚA"

PAPAVENTERS: "ATA QUE SOA O TIMBRE"

Actividade subvencionada pola:



ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

FESTIVAL FIN DE CURSO E SARDIÑADA O VENRES 19 XUÑO.

No campo da festa de San Miguel de Sarandón a partir das 19:00 horas con música e sardiñada, para dar por rematada a súa tempada de actividades.

ASOCIACIÓN TERCEIRA IDADE "O BURGO"

Axenda de actividades para xuño :

Baile en liña os mércores, de 17:00 h a 18:00 h, na Casa da Cruxa, en San Xián.

O luns, 15 de xuño, excursión á feira e Exposición Internacional de Xardíns en Ponte de Lima, Portugal.



Podes inscribirte nas súas actividades ou consultar dúbidas no seu teléfono: 639 811 666.

A ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA CELEBRA O SEU FINAL DE CURSO

A Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla presenta : “AUDICIÓNS EN FAMILIA”



XOVES 18 E VENRES 19 DE XUÑO ÁS 19:00H.

CASA CULTURAL DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA



FESTIVAL FIN DE CURSO

6 DE XUÑO ÁS 19:30

Casa Cultural de Santa Cruz de Ribadulla

Ás 20:30 faremos a tradicional "Sardiñada" para os socios/as da Escola

Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla



CONCERTO DE PRIMAVERA COA CORAL POLIFÓNICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

- Data: O sábado 13 de xuño ás 20:00 h.
Lugar: A igrexa de Santa Cruz de Ribadulla.

PROGRAMA:

- Grupo Vocal e Instrumental Atlántico de Noia.
- Coral Polifónica Entenza de Salceda de Caselas.
- Coral Polifónica Santa Cruz de Ribadulla.

Unha cita cultural coa música, da man da Asociación Cultural "Coral Polifónica Santa Cruz de Ribadulla.

CONCERTO DE PRIMAVERA DA CORAL POLIFÓNICA DE STA. CRUZ DE RIBADULLA

13 de xuño

20:00 h - Igrexa de Santa Cruz de Ribadulla

GRUPO VOCAL E
INSTRUMENTAL ATLÁNTICO DE
NOIA

CORAL POLIFÓNICA ENTENZA
DE SALCEDA DE CASELAS

CORAL POLIFÓNICA SANTA
CRUZ DE RIBADULLA



COLABORA: Concello de Vedra

ASOCIACIÓN CABALAR RÍO PEREIRO XX RUTA CABALAR "RÍO PEREIRO"

- O domingo 21 de xuño en San Fins de Sales.

Inscripcións ata o 15 de xuño nos teléfonos 606 808 057.

Despois da ruta haberá un xantar de confraternidade na carballeira do Souto (San Fins de Sales).



ASOC. CABALAR RÍO PEREIRO



AO OLÍMPICO DE VEDRA FEMININO POLA SÚA TERCEIRA PRAZA NA LIGA GALEGA DE DÚATLON!!

■ O pasado maio remataba en Vimianzo a Liga Galega de Dúatlon, coa disputa do V Dúatlon Val de Soneira, e no que as rapazas do Olímpico de Vedra acadaban un fantástico 2º posto, que xunto coa actuación realizada en marzo no Dúatlon Concello de Vedra e en abril no dúatlon Torre dos Andrade de Vilalba, lle permitía rematar ao equipo feminino nun fantástico 3º posto final da Liga. Patri Viadel, Inés Portela, Elena Miguens, Ana Busto, María Pereira, Julia Pereiras, Lucía Taboada e Carlota Pazos foron as integrantes do equipos que acadaron os puntos necesarios para dita clasificación. **Parabéns a todas elas.**

Pola súa parte, o equipo masculino tamén remataba a liga nunha posición salientable, logo de acadar o 5º posto na clasificación xeral da liga, moi preñado dos postos de podio. En resumo unha gran tempada de dúatlon dos equipos do Olímpico de Vedra, proclamándose o equipo feminino campioas galegas de dúatlon cross, e o masculino bronce na mesma modalidade, e estando sempre nos postos de privilexio. Agora en xuño, xa se engade un elemento máis, e múdase o dúatlon polo triatlón, co inicio da liga galega o



vindeiro 14 de xuño en Porriño, onde o equipo vedrés tratará de empezar con bo pe a competición. **Polo momento parabéns polo xa acadado!**

A MARGARITA BALBOA BARROS POLO SEU 2º POSTO NA VI LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN A PÉ SPRINT 2025

■ A veciña de San Miguel de Sarandón disputou esta proba organizada pola Federación Galega de Orientación no 2025.

No pasado mes de maio a FEGADO otorgou as medallas desta competición, nun acto realizado en Oleiros, na que a nosa veciña vedresa acadou o segundo posto.



Margarita Balboa, segunda pola esquerda.

**AÍNDA NON USAS O SERVIZO DE NOVAS?
POIS DATE DE ALTA XA!!
ASÍ TERÁS TODA A INFORMACIÓN DE
CANTO ACONTECE NO NOSO CONCELLO,
TODAS AS INICIATIVAS DE INTERESE
E DAS AXUDAS PÚBLICAS, POSTOS DE
TRABALLO,...**

**Envía un Whatsapp ao teléfono 663 893 398
indicando "ALTA NO SERVIZO"**

